

Condições xerais DAZN para clientes R

Como cliente de R, poderás engadir un dos plans de subscrición de DAZN dispoñibles, actualmente DAZN Fútbol, DAZN PRO ou DAZN Motor, de xeito adicional, á tarifa/s de telecomunicacións que se indique/n en cada momento. Por iso, caso de baixa da tarifa de telecomunicacións á que engades o plan de DAZN, producirase de forma automática a baixa no plan de DAZN contratado.

O servizo de subscrición personalizada para o acceso a contidos audiovisuais de DAZN, a través dos plans dispoñibles, está prestado por DAZN Spain, S.L., empresa pertencente ao Grupo DAZN, rexistrada en España, con domicilio social en Avenida del General Perón, 40, Bloque D, 2ª planta, 28020, Madrid, España. O alcance das funcionalidades do servizo de subscrición de DAZN está limitado ás ofertadas por DAZN e ás súas características técnicas, e a esta correspóndelle a obriga de prestar o servizo.

Se o acordo comercial entre R e DAZN remata ou é modificado, e R non pode entón ofrecer os contidos de DAZN nos termos pactados, ese feito comunicarse expresamente aos clientes.

Para poder ver DAZN e gozar dos seus contidos requírese un dispositivo compatible e conexión a Internet.

Ademais, os clientes precisarán activar o Plan de DAZN que engaden á súa tarifa con DAZN seguindo o proceso detallado na súa área de cliente.

Durante ese proceso crearanse un usuario e unha clave que che dará acceso á plataforma DAZN, dende a que poderás xestionar a túa subscrición, previa aceptación das Condições Xerais de DAZN.

-No caso do plan DAZN Fútbol os clientes gozarán das canles lineais DAZN LALIGA1 e DAZN LALIGA2, onde se emiten para a Tempada 25/26 os 5 partidos de LALIGA EA SPORTS por xornada en 35 xornadas que transmite DAZN. Para iso cómpre ter contratado o servizo de TV con descodificador da oferta de Euskaltel.

-No caso dos plans DAZN PRO e DAZN Motor

unha vez activado o plan, os contidos incluídos poderanse ver a través da app de DAZN. Ademais poderase gozar tamén dos contidos noutros dispositivos, como PC, tableta ou *smartphones* (multidispositivo).

Un cliente só poderá ter activo simultaneamente como máximo un servizo de DAZN Fútbol, DAZN PRO ou DAZN Motor e ademais só poderá facer ao mes unha activación ou cancelación dos devanditos plans.

R facturará ao CLIENTE os plans de DAZN Fútbol, DAZN PRO ou DAZN Motor na factura de servizos de telecomunicacións. Se hai unha falta de pagamento dos servizos o devandito plan será cancelado.

Unha vez activado o Plan o cobramento de DAZN Fútbol, DAZN PRO ou DAZN Motor farase de maneira rateada de acordo coa cantidade de días que o cliente gozara do servizo, durante o mes de facturación. Se un cliente non activa o seu plan con DAZN, unicamente se cobrará a cota íntegra de DAZN Fútbol, DAZN PRO ou DAZN Motor do primeiro mes, e a subscrición ao servizo anularase aos 31 días para evitar cargos adicionais.

Podes consultar como tratará os teus datos persoais DAZN en <https://www.dazn.com/es-ES/help/articles/privacy-es>